

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DO DEPARTAMENTO DE ENXEÑERÍA CIVIL

LUGAR: Sala de Grados I da Escola Técnica Superior de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos
DATA: 2 de xullo de 2019
HORA DE COMEZO: 13.05 h
HORA DE REMATE: 13.20 h

ASISTENTES:

Julia Álvarez García	Luís Pena Mosquera
José Anta Álvarez	Ignacio Pérez Pérez
Luis Cea Gómez	Ana María Rodríguez Pasandín
Ángel José Fariña Lamosa	Francisco Javier Samper Calvete
Luis Antonio Hernández Ibáñez	José Sande González-Cela
María Isabel Martínez Lage	Gumersinda Seara Paz
Luis Esteban Medina Rodríguez	Francisco Javier Taibo Pena
Luis Montenegro Pérez	Francisco Alberto Varela García
Acacia Naves García-Rendueles	Julia Vázquez González
Margarita Novales Ordax	
Alfonso Orro Arcay	

ESCUSAN A SÚA AUSENCIA:

Viviana Barneche Naya	Javier Eiras López
Víctor Barrientos Rodríguez	Jesús Fernández Ruíz
Alfredo del Caño Gochi	Enrique Peña González
Diego Carro López	Juan Luis Pérez Ordóñez
María Pilar de La Cruz López	Ana María Vázquez González

Preside a Sesión a Sra María Isabel Martínez Lage, directora do Departamento. Actúa como secretaria a Sra. Julia Álvarez García.

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior

A directora presenta para a súa aprobación a acta da sesión anterior, a reunión ordinaria do 22 de maio do 2019

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe da directora

A directora informa sobre a situación das distintas prazas convocadas no departamento.

- Nas dúas prazas de Contratado Doutor hai un único candidato. Unha das comisións constituíuse o 1 de xullo, e a outra constituírase mañá, 3 de xullo.
- Na Praza do Profesor Asociado P6 para a Área de Proxectos Ferrol, publicouse a relación provisional de admitidos e excluídos, na que aparecen oito admitidos e un excluído.
- Nas Prazas de Titular e Catedrático de Universidade, o 26 de xuño publicouse a relación provisional, e en ambas prazas hai un único candidato.
- As Prazas da Área de Enxeñería Cartográfica do Grupo de Comunicación Audiovisual, foron aprobadas en Consello de Goberno, a convocatoria sae mañá, e está prevista a súa resolución en setembro.

Tamén informa de que o 7 de xuño o Reitor convocou os directores dos departamentos a unha reunión na que se falou de prazas, promocións e contratación. E o 28 de xuño tivo unha reunión co Vicerreitor de Profesorado, na que informoulle de que a filosofía do equipo de goberno era reducir a dedicación dos profesores asociados. Para o curso 2019-2020 a súa primeira proposta era non rescindir ningún contrato e reducir na Área de Enxeñería Cartográfica un contrato de P5 a P4. Non obstante, nunha nova reunión, o vicerreitor considerou a posibilidade de non facer esta redución de dedicación.

3. Solicitudes de Prazas de Axudantes Doutor

A Directora trae a aprobación do Consello a petición dos profesores Acacia Naves García-Rendueles, Jesús Fernández Ruiz e José Sande González-Cela para participar na Convocatoria de Promoción de Interinos de substitución e asociados a axudantes doutores deste ano.

O Consello aproba a petición por asentimento.

4. Cambios no POD

A Directora presenta para a súa aprobación dúas solicitudes de cambios do POD das áreas de Enxeñería hidráulica e Enxeñería e infraestrutura dos transportes.

- Área de Enxeñería Hidráulica. Asignar a Juan Naves García-Rendueles, FPU, 22 horas de docencia interactiva nas seguintes materias:
 - *Hidráulica e Hidroloxía*, 6 horas, que se reducen do POD do profesor Jerónimo Puertas.
 - *Obras Hidráulicas*, 6 horas, que se reducen do POD do profesor Luis Pena.
 - *Obras Hidráulicas II*, 2 horas, que se reducen do POD do profesor José Anta

- *Hidráulica e Hidroloxía II*, 8 horas, que se reducen do POD do profesor Jerónimo Puertas.
- Área de Enxeñería e infraestrutura dos transportes. Asignar a Pablo Orosa Iglesias 40 horas de docencia interactiva nas seguintes materias:
 - *Camiños e aeroportos*, 25 horas, que se reducen 15 horas ao profesor Ignacio Pérez e 10 ao profesor Carlos Martínez.
 - *Camiños e ferrocarrís*, 15 horas que se reducen do POD da profesora Ana Rodríguez.

Apróbanse as solicitudes por asentimento.

5. Guías Docentes

A Directora recorda que, segundo aparece no calendario da Universidade, o departamento debe aprobar os Guías docentes entre o xoves 18 e o luns 22. Para isto as posibilidades serían, convocar un Consello para o día 22, o delegar na directora, tal como se fixo no curso pasado. A directora mandaríase o enlace a todos os membros do departamento cando estiveran listas as guías, e se no hai ningunha obxección, as aproba.

Presenta para súa aprobación a segunda opción.

Apróbase a proposta por asentimento.

6. Quenda aberta de palabra

O profesor Luis Medina pregunta que xa que lle concederon un sexenio, se poden facer cambios no POD.

A Directora respóndelle que xa falou co vicerreitor do tema, pero este díxolle que os sexenios no computan ata o curso seguinte.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta remata a sesión ás 13:20 horas e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
A presidenta

Julia Álvarez García

María Isabel Martínez Lage